

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18.**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 9 DE DECEMBRO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### NON ASISTEN:

Rivas González, Ángel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de decembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**ÚNICO(251).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCICIO 2016. EXPTE. 31/142 (REX. PLENO 1286/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 2 de decembro de 2015, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta:

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro 2015, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2016.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 218 do día 11 de novembro, comezando a súa exposición o día 12, e rematando o prazo da mesma o 28 do mesmo mes.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 17 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2016, das que dúas corresponde ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a

reclamación non está en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para entablar alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, e ademais, a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida a propia alegación que leva incorporado o número de Rexistro. Faise a identificación e analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.

En consecuencia co anterior, emitíronse informes segundo o contido da alegación, polo Servizo de Recursos Humanos, polo Servizo de Contabilidade e Pola Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coas dúas alegacións presentadas ao Orzamento da Xerencia.

Tendo en conta os informes que figuran no expediente identificado como de Alegacións e emendas, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ...”

En consecuencia co anterior o concelleiro delegado de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe emitido con data 2 de decembro polo Xefe de Contabilidade:

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro 2016, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2016.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 218 do día 11 de novembro, comezando a súa exposición o día 12, e rematando o prazo da mesma o 28 do mesmo mes.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 17 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2016, das que dúas corresponden ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Achéganse para informe, aquelas que solicitan cambios, anulacións, creación ou alteracións de aplicacións orzamentarias. En canto ás presentadas ao Orzamento do Organismo Autónomo XMU, a emisión do informe está a cargo do responsable administrativo do Organismo.

### *Normativa de aplicación*

O artigo 170 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da LBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 31 da Lei 30/1992).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 31 da Lei 30/1992).

Á vista das reclamacións que se remiten no expediente, todas cumprirían este requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.D. 500/1990, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

- ✓ Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- ✓ En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.

- ✓ En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto. A doutrina soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas, as alegacións que se someten a informe son as seguintes:

#### *Alegacións presentadas*

*Alegación presentada por D. Dámaso Pena González, Secretario do Sindicato Independente do Concello de Vigo (SICO) co número de rexistro 150151232 de data 21/11/2015.*

O seu contido básico é crear e suplementar aplicacións orzamentarias que en síntese vanse a reproducir.

Na definición das mesmas, vaise achegar un cálculo do custe que supón cada unha das medidas solicitadas, tomando como documento de base para a análise, a RPT vixente, as Instrucións de plantilla vixentes publicadas no BOP de 16 de novembro de 2010, Convenio Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo e as dotacións orzamentarias.

A avaliación ten como obxectivo estimar as contías que terían que darse de baixa noutras aplicacións orzamentarias, xa que a mesma non se presenta equilibrada, por esa razón xa sería rexeitada. A avaliación xurídica da mesma, corresponde a Sra. Xefa do Servizo de Recursos Humanos.

- Suplementar a dotación para os anticipos de nómina, ata un máximo de 6.000,00 por traballador. A dotación vixente para atender aos anticipos do persoal do Concello e dos OO.AA (IMD, EMAO e VIGO ZOO) que serán disoltos a ao peche deste exercicio, e de 646.000,00 euros. Si tomamos en consideración que a contía máxima que agora está regulada no Convenio vixente é de 3.000,00 euros por traballador, a solicitude suporía incrementar a dotación para esta finalidade en 500.000,00 euros, practicamente o dobre da contía vixente.
- Incorporar ao complemento específico de todos os traballadores que prestan servizos exteriores pola contía da perda para cando están en situación de baixa laboral, non se fai valoración.
- Incorporación dunha aplicación para dar cobertura ao novo convenio, por indeterminada, non se fai valoración.
- Incrementar a aplicación destinada a vestiario.
- Incrementar o custe da hora festiva a 6,22 euros/hora, pasando dos 4,03 euros/hora e a de hora nocturna a 5,32 euros/hora, pasando da contía de 2,72 euros/hora (Entre o incremento do 100% hora extra + incremento do prezo da hora festiva e nocturna, estímase en 1.200.000,00 euros). Na actualidade o cálculo é o seguinte: (Retribucións fixas e periódicas

mensuais/30)\*7,25\* nº de horas. A pretensión é (Retribucións fixas e periódicas mensuais/30)\*7,25\*2\* nº de horas.

- Dotar unha aplicación para a compra de chalecos antibalas, antipinchazos, etc.
- Dotar unha aplicación para adquisición e modernización da flota do parque móbil.
- Dotar unha aplicación para a instauración da carreira profesional cunha dotación mínima de 175 euros/traballador (1.459\*175 =255.325).
- Incremento do fondo social para a tramitación dun fondo extraordinario de 1.500,00 euros traballador (1.459\*1500) = 2.188.500,00.
- Creación de 30 prazas de bombeiros.(917.364,00)
- Creación de 40 prazas de Policía Local.(1.408.573,20)
- Dotar unha aplicación para dar cobertura ao seguro do vehículo para aqueles traballadores que fagan uso do seu vehículo en funcións propias da institución.
- Incremento da aplicación de seguro de vida e accidentes en 60.000,00 euros para cubrir indemnizacións.
- Incorporar unha dotación para dar cobertura as xornadas de dispoñibilidade da Policía Local (880.000,00 euros).
- Crear 57 prazas de oficiais e axudantes de oficios en distintos servizos. (18\*31.468,80 + 39\*29.379,99 = 1.712.252,61 euros).
- Crear 20 prazas de auxiliares e 10 de subalternos (28.874,49\*20 + 26.310,79\*10 = 840.597,70 euros).
- Dotación dunha aplicación para a construción dunha nova gardería (500.000, construción + 220.000,00 euros de funcionamento anual máis 50.000 euros de mantemento, só se computa o funcionamento e mantemento).
- Incremento da aplicación de gratificacións para aumentar o valor da hora extra no 100% do prezo actual, xa se computa na análise que se fai no aumento do custe da hora nocturna e festiva.

Sen cuantificar o importe do gasto por cubrir a situación de baixa ao 100% o seguro do carnet de conducir, nin o maior gasto de dispoñibilidade e gratificación polo incremento da plantilla de Policía, a solicitude representa un gasto anual de 10.232.612,51 euros.

*Alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Personal, nº de rexistro 150151570 de data 25/11/2015.*

En canto a lexitimación activa, non hai dúbida da mesma, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesados.

A alegación solicita a creación polo sistema de transformación de 43 prazas que se vai a valorar, xa que ao non presentar a forma de financiamento, habería

que dar de baixa dotacións doutras aplicacións orzamentarias, esta sería causa suficiente para o seu rexeitamento, aínda que esta parte da emenda terá que ser informada polo servizo de RR.HH.

3 Capataces;  $38.697,29 \times 3 = 116.091,87$  euros.

8 auxiliares de biblioteca;  $8 \times 27.874,49 = 222.995,92$  euros.

1 oficial de instalacións; 30.369,13 euros.

3 oficiais de mantemento;  $3 \times 30.369,13 = 91.107,39$  euros.

3 guías de museo;  $3 \times 29.516,61 = 88.549,83$  euros.

4 sarxentos bombeiros;  $4 \times 55.179,37 = 220.717,48$  euros.

20 prazas de administrativos;  $20 \times 32.696,33 = 653.926,60$  euros.

Custe total 1.423.758,22 euros.

En relación coa segunda parte, solicítase que sexa consignado axeitadamente a dotación que figura no servizo de Bombeiros por ter unha natureza finalista.

Sobre a alegación feita aos ingresos previstos por Unión Española de Entidades Aseguradoras (UNESPA), estes teñen como destino finalista a mellora nas prestacións do servizo de bombeiros.

As contribucións especiais conforman un tributo dos regulados polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constituíndo o feito imponible a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.

As cantidades recadadas por esta Contribución Especial, dado o seu carácter finalista, só poderán destinarse a sufragar os gastos do Servizo derivados do seu establecemento e mellora permanente.

A contía prevista no orzamento, esta reflectida na aplicación 1360.6320000 correspondente ao programa de gasto de bombeiros, polo que, será a dirección do servizo a quen lle corresponda a tramitación do proxecto e o correspondente expediente para a execución do gasto.

En consecuencia, a aplicación que recolle a contía correspondente ao convenio asinado con UNESPA, é a correcta.

*Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel de política institucional da Executiva Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego (BNG), presenta alegación co número de Rexistro de entrada 150153325 de data 28/11/2015.*

A alegación desagregase en 49 emendas.

A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza celebrada o día 22 de outubro de 2015, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos

municipais puidesen presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2015. O prazo fixado escomezou o 23/10 e rematou o día 30/10/2015 ás 14,00 horas.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión, algunhas de tipo parcial e outras a totalidade do proxecto.

O trámite que regula o Regulamento Orgánico está previsto para os Grupos Políticos con representación municipal, para os demais interesados, o artigo 170 do TRLRFL, regula tanto a lexitimación activa como os supostos sobre os que se poder alegar. Non cabe a posibilidade de emendar o Proxecto de Orzamento por quen non teña a condición de grupo político con representación no Pleno, e só cabe a posibilidade de alegar en relación cos supostos previstos no artigo 170.2 do precitado corpo legal.

A alegación presentada polo responsábel de política institucional da Executiva Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego, non representa unha alegación, senón unha emenda que non ten o seu encaixe no artigo 170 do TRLRFL.

A efectos meramente informativos, faise unha síntese das emendas presentadas:

Creación de novas aplicacións non previstas no orzamento.

Oito emendas, por unha contía de 2.585.000,00 euros.

Suplementos

Dezaseis aplicacións, por unha contía de 4.336.000,00 euros

Total incrementos, 6.921.000,00 euros.

Diminuicións

Vinte cinco aplicacións, por unha contía de 6.921.000,00 euros.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesados.

Sen entrar na oportunidade ou non do gasto tanto nas aplicacións a crear como as que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están con cargo a contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos.

Os contratos que se verían afectados, son os de tratamento do lixo na contía de 707.100 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os dos servizos complementarios de educación, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir os contratos con Air Nostrum e



Ryanair. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico e de rede e datos.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan.

En consecuencia, esta alegación, non ten a cualificación de tal, e trátase dunha emenda, posibilidade que só está prevista para os Grupos Políticos con representación municipal, cuxos prazos de presentación están limitados aos establecidos pola Comisión de Orzamentos.

Ademais, propónse a baixa de certas aplicacións orzamentarias que non poden conformar fonte de financiamento, por estar asociadas a contratos en vigor.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.

*D. Antonio Collazo Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, presenta catro alegacións, rexistradas cos números 150153000, 150153002, 150153007 e 150153008, de data 27/11/2015, nas que se solicita o seguinte:*

Alegación 150153000: Incluír unha nova partida para a “construción dun parque infantil en Teis” de 125.000,00 euros, retraendo esta contía da partida número 9121.22602017 “ difusión e promoción da cidade, ficando esta partida de 185.000,00 euros en 60.000,00 euros.

Alegación 150153002: Incluír unha nova partida “convenio A.V. De Teis-centro cívico” de 55.000,00 euros, retraendo esta contía da partida número 9120.2279902 “ convenios”, ficando esta partida de 125.000,00 euros en 70.000,00 euros.

Alegación 150153007: Incluír unha nova partida “construción de beirarrúas en Teis” dun importe de 300.000,00 euros e retraer esta cantidade da partida 4320.2279901, “promoción turística Air Nostrum, ficando esta partida de 1.076.900,00 euros en 776.900,00 euros.

Alegación 150153008 : Incluír unha nova partida “mellora da rede de abastecemento en Teis” dun importe de 250.000,00 euros e retraer esta cantidade da partida 4320.2279902, “promoción turística destinos rutas aéreas Ryanair” ficando esta partida de 1.080.000,00 euros en 830.000,00 euros.

A lexitimación activa lle ven outorgada pola condición de Presidente da Asociación Veciñal de Teis.

En relación coa dotación para facer fronte á construción dun parque infantil, o programa 1710, ten reflectidas aplicacións con contía suficiente para facer fronte ao gasto se o órgano competente o considerase prioritario.

As alegacións presentadas propoñen como financiamento do maior gasto, a

modificación de determinadas aplicacións orzamentarias que están asociadas a contratos en vigor, polo que, non sería posible a súa baixa sen previamente modificar o contrato, cuestión que non resultaría posible si a porcentaxe da modificación superase o previsto no Prego de Cláusulas que rexeu o procedemento de contratación, o que levará a resolución do contrato e as indemnizacións contidas no artigo 309 do TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

As matizacións feitas, non se están a considerar como fundamento para poder tomar en consideración ou rexeitar as alegacións presentadas, senón que as mesmas están suxeitas a outras limitacións que de seguido se resumen e que resultan determinantes.

As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe.

*Don Guillermo Crego Rodríguez, DNI, nº 36137677P, presenta catro alegacións cos números de rexistro: 150152713, 150152714, 150152715 e 150152717, de data 27/11/2015.*

A lexitimación activa lle ven outorgada pola condición de habitante do territorio.

Alegación 150152713, solicita a diminuír en 400.000,00 euros a aplicación 1532.2100000 “Conservación de vías e espazos públicos” e aumentar a aplicación 1532.2100005 “ Mantemento do viario no rural”, xa que considera que esta última insuficiente.

O movemento de créditos que se pretende, está dentro da bolsa de vinculación xurídica, polo tanto, ao marxe de non estar nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non aporta nada.

Alegación 150152714, solicita eliminar a aplicación 2410.4700002 “Convenio creación emprego Citroën” cunha dotación de 300.000,00 euros e crear unha nova partida para o “Fomento do emprego no sector da Automoción”, por considerar que é máis real abrir a posibilidade a todas as empresas do sector.

Alegación 15152715, solicita diminuír en 300.000,00 euros a aplicación 3331.4700002 “Convenio promoción cultural auditorio Mar de Vigo e crear unha aplicación con 300.000,00 euros, para o “Plan municipal de fomento da industria cultural, xa que considera que o convenio previsto no ten o contido de actuacións concretas.

En relación co contido do convenio, hai que informar, que cando se tramita e se somete á aprobación o órgano competente, relaciónanse as actuacións concretas, especificando canto aporta a explotadora do Auditorio e canto financia o convenio para cada unha delas.

Alegación 150152717, solicita diminuír a partida 2310.2279909, “Outras actividades grupos desfavorecidos e aumentar a partida 2310.4890011, “Convenio Saharaús”, xustificada pola situación que que ten os campos de refuxiados do Tinduf.

En todas as alegacións relacionadas, as mesmas non se atopan nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que procede o seu rexeitamento.

*Dona Josefina Fernández Mosquera, en calidade de presidenta da FUNDACIÓN LISTE Museo Etnográfico de Vigo, presenta alegación co nº 150153315 de data 28/11/2015.*

A lexitimación activa ven determinada nos supostos regulados no artigo 170.1 do TRLRFL.

O corpo da emenda fai referencia aos antecedentes e dotacións orzamentarias anuais desde a asunción do Centro de Artesanía Tradicional, reflectindo na mesma as dotacións anuais para facer fronte aos gastos do Museo e as do CAT. Na mesma se relacionan os gastos de persoal tendo en conta o Museo e o CAT e por outra banda, tan só o Museo, fai constar que a contía dos gastos de persoal é superior ca achega que se reflicte no proxecto do orzamento para o ano 2016, o cal suporía, sempre segundo a alegación, a redución de salarios, horarios, supresión de actividades, etc, polo que solicita a revisión da asignación orzamentaria.

En este sentido, hai que informar que a dotación que se fai ao Museo ten o carácter de transferencia nominativa de funcionamento, non é unha prestación dun servizo reglada, non concorrendo a situación de omisión de crédito para o cumprimento de obrigas esixibles polo que, o órgano competente pode en calquera momento ao longo do ano, facer unha modificación orzamentaria que posibilite un aumento da dotación inicialmente prevista. Así mesmo, tendo a condición de Fundación de interese cultural, ben de forma directa ou a través dos patróns, ten que procurar outras fontes de financiamento.

En calquera caso, a alegación non é un dos supostos regulamentados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo tanto, a alegación ten que ser rexeitada.

*Alegación presentada por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI 36112742M, dúas alegacións co nº de rexistro 150153312 e 150153313, de data 27/11/2015.*

A alegación nº 150153312, propón a redución das seguintes aplicacións: 1721.2260201, 1721.2279908 e 1721.2279912, por unha contía total de 13.000,00 euros e creación dunha aplicación por unha contía de 13.000,00 euros para a creación dun plan municipal de instalación de casetas refuxio, comedeiros e alimentos para os gatos da rúa.

A alegación nº 150153313, propón a redución da aplicación: 3410.4890016, por unha contía total de 19.000,00 euros e ampliar a dotación da aplicación 3410.4890009, equipo élite do Rubby Club por unha contía de 19.000,00 euros.

En canto a lexitimación activa, a mesma vénlle dada pola condición de habitante do territorio, sendo este un dos supostos previstos no artigo 170.1 do TRLRFL.

En canto a alegación, a mesma non é posible axustala aos supostos regulamentados no artigo 170.2 do mesmo corpo legal, polo que, procede o seu

rexeitamento

### *Corrección de erros*

Nos estados consolidados do orzamento, hai un erro na definición dos programas 1720 e 1721 están as súas definicións invertidas, no 1720 debe definirse como mantemento de praias e o 1721 como protección e mellora do medio ambiente.

Na aplicación 2311.4890002 convenio mulleres Dorna, debe dicir, outras subvencións a asociacións contra a violencia de xénero.

### *Conclusión*

As alegacións presentadas por: Don Dámaso Pena González, Secretario do Sindicato Independente do Concello de Vigo (SICO) co número de rexistro 150151232 de data 21/11/2015, Don Pergentino Martínez Pampillón e calidade de Presidente do Comité de Persoal, nº de rexistro 150151570 de data 25/11/2015, Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel de política institucional da Executiva Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego (BNG), co número de Rexistro de entrada 150153325 de data 28/11/2015, Don Antonio Collazo Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, catro alegacións, rexistradas cos números 150153000, 150153002, 150153007 e 150153008, de data 27/11/2015, Don Guillermo Crego Rodríguez, DNI, nº 36137677P, catro alegacións cos números de rexistro 150152713, 150152714, 150152715 e 150152717, de data 27/11/2015, Dona Josefina Fernández Mosquera, en calidade de Presidenta da Fundación Liste museo etnográfico de Vigo, alegación co nº de rexistro 150153315 de data 28/11/2015, Don Juan José Rodríguez Castro, DNI 36112742M, dúas alegacións co nº de rexistro 150153312 e 150153313, de data 27/11/2015, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe, non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que teñen que ter algunha das seguintes causas:

Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

As alegacións presentadas representan unha opción de aplicación dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 9 de novembro de 2015, supón unha alteración das decisións dos órganos que teñen competencia na formación do orzamento, non constituíndo en ningún caso un dos supostos de alegación regulados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que non se poden tramitar como alegacións nin ser aceptadas como tales.

Nos supostos que se fan constar no expediente, algunha das alegacións

suporían a rescisión de contratos en vigor, o cal suporía facer fronte ás indemnizacións que establece o artigo 309 do TRLCSP.

En relación coa alegación presentada por Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel de política institucional da Executiva Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego (BNG), como se fixo constar, trátase dunha emenda, institución reservada aos grupos políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa.

A Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.

Sobre a suficiencia das dotacións para facer fronte aos compromisos adquiridos, xa se pronunciou o Sr. Interventor na emisión do preceptivo informe asinado o 21/10/2015 *“As aplicacións orzamentarias incluídas no estado de gastos están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos”*

A Lei soamente permite a reclamación por insuficiencias cando as mesmas sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

En consecuencia co anterior, procede o rexeitamento das alegacións presentadas por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL e non deben ser consideradas como alegacións, xa que as mesmas tan só poden ter o contido do previsto no artigo 170.2 da norma citada.

Non se altera o contido do orzamento aprobado inicialmente, polo tanto, non se require achegar informe adicional algún.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 3 de decembro de 2015, ditaminou favorablemente a proposta que consta no expediente.

O expediente completo do Orzamento municipal do Concello, está debidamente dilixenciado por esta Secretaría Xeral do Pleno.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Bos días señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno núm. 18, extraordinario para o día de hoxe ás nove da mañá, convocado pola orde do día do 4 de decembro que obra en poder dos concelleiros, constátase quorum, ábrese sesión pública e iniciase a sesión. O Pleno ten un punto único da orde do día, os tempos serán de dez minutos cun peche de cinco minutos do goberno.

SR. ANEIROS PEREIRA: Bos días. Como lembrarán o pasado nove de novembro, este mesmo Pleno do Concello de Vigo, aprobou inicialmente o Orzamento para o ano 2016, con elo convertíámonos na primeira cidade de Galicia e tamén nunha das primeiras de España en aprobar o seu orzamento, como xa dixen naquel momento trátase dun orzamento de marcado carácter social, posto que de cada 100 euros 75 teñen un retorno directo para a cidadanía, as súas cifras xerais ascenden a 225,9 millóns de euros, o cal supón un incremento respecto do orzamento anterior, do 2,7 % e trátase ademais de ser un orzamento marcado polo carácter social, de marcar a integración dos organismos autónomos na estrutura do Concello e polo tanto xerar un aforro de custes a medio e longo prazo para as arcas municipais. Como tamén xa dixen e cumpre lembralo, trátase dun orzamento cun incremento dun 7,8 % nas partidas de Educación, partidas importantes dentro dun orzamento de carácter social, tamén dun orzamento cun incremento do 12,9% en asuntos deportivos, tanto en instalacións como en axudas a clubs, como sobre todo en deporte de base para que os rapaces e rapazas de Vigo teñan a posibilidade de desenvolver as súas capacidades deportivas e tamén dun orzamento cun importante incremento da partida de inversións, toda ela con fondos propios, un incremento que ascende 108,5%, e cunha redución significativa dos importes destinados aos xuros dos préstamos posto que o Concello atópase nunha situación financeira de saneamento total e de débeda cero, polo tanto redución moi significativa desas partidas e en mantemento tamén dos gastos fiscais reflectidos nas Ordenanzas Fiscais por un importe superior a 7,5 millóns de euros, ese é o orzamento que aprobamos naquel momento e ese é o Orzamento que aprobaremos nesta sesión.

Cumprindo os trámites legais ese Orzamento foi sometido a exposición pública por un prazo de quince días hábiles, comezando a súa exposición o día doce e

rematando o prazo da mesma o vinte e oito do mesmo mes, neste prazo de exposición pública presentáronse un total de dezasete escritos, recollidos na Secretaria Xeral do Concello, hai que dicir que dous deles fora de prazo e tamén hai que facer unha mención, posto que o grupo da Marea anunciara que ía presentar emendas no prazo de exposición pública a ese Orzamento, cumpre lembralo e non presentou ningunha, cero, polo tanto non sabemos a que se adica o grupo da Marea de Vigo, vemos se miramos para as cidades do norte, que tampouco son capaces nin sequera de presentar un orzamento cumprindo os trámites legais e aquí na cidade de Vigo atopámonos que o grupo da Marea presenta cero alegacións, polo tanto non sabemos se están vostedes de mero observadores, como parece que están pola súa ausencia nas distintas comisións, se son simplemente tertulianos ou se falla un dos presupostos que vostedes mesmos dixeron naquel debate dos orzamentos, dixeron naquel entón que ían presentar emendas e alegacións que reflectirían o aval social ás súas emendas, pois ben, parece que non teñen ningún aval social porque non presentaron ningunha emenda. Insisto, non sabemos a que se adican porque se o orzamento é o plan político dun grupo que pretende gobernar, parece que vostedes non teñen proxecto político para esta cidade.

Ben, como dicía neste prazo de exposición pública presentáronse escritos que hai que dicir que non teñen nin sequera o carácter de alegacións nin de emendas posto que os motivos taxados que prevé a Lei de Facendas locais para que se poidan presentar emendas, non permiten cualificalas nin sequera como tales, sen embargo foron contestadas polos distintos servizos e estudadas para facer un trámite digamos transparente e público, polo tanto non hai, en sentido técnico, en sentido xurídico, emendas e alegacións a este orzamento, polo cal poderíamos aprobalo sen mais remitíndonos ao ditame da comisión de Facenda que ratificou Orzamento inicialmente aprobado.

Insisto en que se trata dun orzamento de marcado carácter social onde, como xa dixen tamén no seu momento, as partidas de política social sofren un incremento notable, o Servizo de Axuda no Fogar atópase dotado cunha partida cuantiosa 3,1 millóns, o Servizo de Teleasistencia cunha partida suficiente, a tarxeta da dignidade

tan importante para tantas e tantas persoas desta cidade, cun importe de 1.640.000 euros, as bolsas de comedor e de libros para que os estudantes de Vigo poidan comer e estudar con libros de texto, o incremento do fondo de emerxencia en deshaucios nun 100%, cunha partida de 802.000 euros e como non o programa de menores, o mesmo que programas de Educación cun incremento dun 7,8%, destacando o incremento do 100% no programa de bolsas de estudos internacionais, o que se coñece como bolsas de inglés e partidas destinadas ás oito escolas infantís titularidade do Concello.

Estes escritos presentados no seu momento fan alusión a distintas cuestións do Orzamento, ás que me referirei a continuación, Orzamento que por certo foi presentado cumprindo tódolos trámites oportunos, polo tanto non hai que ter ningún medo a esas conversas que ten un dos grupos da oposición publicamente, insinuando que o Orzamento pode estar viciado posto que xa nun informe de outubro deste mesmo ano 2015, se estuda o orzamento de ingresos e este xa foi aprobado cumprindo os trámites legais e sen ningunha dúbida sobre a súa validez, polo tanto orzamento de ingresos aprobado. Dicía que estes escritos presentan algunhas cuestións relevantes que permiten reflectir cal é o tratamento das distintas partidas que fai o orzamento, algunhas delas pretenden un orzamento digamos feito “ad hoc” feito a medida, á talla dalgunha das persoas que propoñen os escritos que pretenden ser alegacións, algunhas cuestións que se presentan son por exemplo, a previsión dun parque infantil nunha zona específica da cidade, pois ben hai que dicir que xa temos partidas específicas no orzamento aprobado, mantemento de parques por 4,6 millóns e un orzamento de 350.000 euros para a creación de novos parques infantís, tamén convenios específicos con entidades veciñais, temos previstas as partidas non soamente nominativas senón en fase de concorrencia competitiva, a construción de beirarrúas en distintos barrios da cidade, hai que dicir que este goberno é o goberno que atende a tódalas áreas da cidade, a tódalas parroquias, a tódalas zonas da cidade e que xa conta cun orzamento previsto neste orzamento de 1.900.000 euros para a conservación de vías e 240.000 euros para a supresión de barreiras arquitectónicas en toda a cidade. A atención ao rural tamén atopa o seu bo tratamento neste orzamento e o apoio aos emprendedores e ao motor económico da cidade que é Citroën co



convenio e coas axudas para a creación de emprego deste sector da automoción.

Non quero deixar de rematar esta primeira intervención sen facer referencia ao escrito presentado por un dos grupos que xa non ten representación nesta cámara municipal, un dos grupos políticos que tiña e xa non ten, quitou cero concelleiros nas últimas eleccións e como segan así quitarán menos dous nas seguintes eleccións, posto que propón o grupo do Bloque Nacionalista Galego, a supresión de partidas como as bolsas de inglés, o alumeado do Nadal, a promoción económica da cidade ou cousas tan variopintas como a redución das partidas para o mantemento da web municipal ou do subministro eléctrico, eu non sei onde vai ir este grupo político con estas propostas, ademais que tamén propón a supresión de obras en distintas partes da cidade, tanto en Rosalía de Castro como en Gregorio Espino como na rúa Aragón, Abeleira Menéndez, Bueu, Doutor Corbal e tamén a supresión das partidas para o pago do canón de Sogama, non sei onde vai ir este grupo, en definitiva, o orzamento cumpre tódolos trámites legais, cumpre tódalas previsións regulamentarias e o que se propón por parte deste goberno ó Pleno municipal é a aprobación do Orzamento inicialmente aprobado xa, das Bases de execución do Orzamento da Xerencia e o cadro de persoal do Concello de Vigo e do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Bos días, é evidente que estamos en campaña electoral e hai aseveracións que se propoñen aquí que forman parte desa lóxica, mais dunha lóxica de que imos falar de orzamentos non imos falar desa campaña electoral que está en desenvolvemento agora mesmo.

En primeiro lugar, nos fixemos unha emenda á totalidade dentro do prazo dos grupos, argumentamos porque presentamos esa emenda á totalidade e pedíamos a devolución do proxecto de orzamentos e a redacción dun proxecto novo, entre dúas cuestións centrais unha tiña que ver precisamente coas previsións que tiñan que ver con ingresos pero tamén con algunhas prioridades políticas que se introducían neste articulado, pero outra era Participación Cidadá, e diciámolo precisamente porque si que a Marea estivo traballando a raíz desa emenda á totalidade o que dixemos é que non seríamos nos os que presentaríamos esa emenda senón que

faríamos unha campaña explicativa para que foran moitísimas asociacións e persoas a título individual as que presentaran emendas. A primeira sorpresa, a maior parte do tecido asociativo desta cidade non tiña nin idea do Orzamento, nin de que se presentaba nin incluso de como se emendaba, un orzamento participativo polo menos ten que dar a capacidade a gran parte da cidadanía de poder saber como se presenta unha alegación, unha emenda no prazo legal, a nosa sorpresa é que nesta cidade non existe esa cultura, non existe unha cultura dun goberno municipal de baixarse ó tecido asociativo e presentar emendas ou alegacións, a Marea fixo un díptico explicativo que está repartido pola cidade, que está presente na nosa web onde explicábamos á xente como facer unha emenda e que polo tanto que a xente a presentara tamén, vimos pois certo medo e unha parte sensible do tecido asociativo a facer unha alegación porque dicían que esa alegación podería quedar marcado ao efecto de logo os convenios bilaterais que este Concello asina coas asociacións, e polo tanto algo pasa cando nesta cidade un club deportivo ten medo a pedir un incremento porque pensa que ese incremento pode significar a anulación do convenio, polo tanto a próxima vez que se presente un orzamento dun goberno de esquerdas que o faga como se está a facer en moitas cidades onde previamente se fan consultas ou onde calquera cidadán pode presentar propostas a través de ferramentas telemáticas. Esa cuestión non é para nos meridiana e polo tanto nos seguimos dicindo que este orzamento ten que voltar, ten que baixar ao tecido social e ao tecido cultural e veciñal desta cidade e facer un orzamento participativo, entre outras cousas a min si que me parece bastante substanciais as emendas que presentaron algúns cidadáns que en pouco fixeron ese esforzo de presentar emendas, algunhas delas consensuadas con nos e traballadas con nos, co que ten que ver co plan parroquias, co aumento do convenio de solidariedade co Sáhara polo que está pasando nos campos do Tinduf coas inundacións, e dicimos que ten que baixar e ten que elaborarse porque eu creo que hai moitísimas carencias que nos están trasladando moitos clubs, moitas asociacións veciñais e creo que non pasa nada por facer un período de consulta previo como se está facendo en moitos desenvolvementos orzamentarios do estado, pero nos aí discrepamos tamén nunha cuestión que moitas veces non está presente na cultura de participación desta cidade, que non é no gasto senón no ingreso, nos presentabamos en setembro e preguntábamos por unha sentenza

xudicial do Tribunal Supremo, da Sala do contencioso-administrativo que viña a recoller unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura que dicía “que todos aqueles, aquelas fincas e todos aqueles inmobles de natureza rústica que non tiñan un planeamento, que foron convertidos en urbanos polos plans xerais que se fixeron ó albor da especulación inmobiliaria tiñan que volver a ser rústicos” e iso significa que sen plan xeral centos, miles de fincas no rural van ter que voltar a ser rústica e eu espero que se devolvan os cartos á xente, eu espero que a anulación deste Plan signifique que os veciños de Beade, de Valadares, de moitísimas parroquias que vimos como moitas fincas se convertían en urbanas por vía deste Plan Xeral agora van volver a rústicas, e entendo que haberá que explicar como de repente volvemos ao Plan do 93 e polo tanto adiantémonos xa, posiblemente non é no exercicio orzamentario que nos toca pero adiantémonos xa a unha posible diminución importante do que ten que ver cos ingresos do IBI que son unha parte substancial dos ingresos deste Orzamento. Logo está unha cuestión, hai certos ingresos que se prevían en base a licencias urbanísticas, incrementos moi notables que ten que ver con eses impostos que dende logo quedan modificados ou polo menos entendemos que vai haber unha modificación, polo tanto no capítulo de ingresos tamén algo terá que pasar, non dicimos non corresponde a este grupo pero si que pediremos algún informe técnico que nos diga cal pode ser a situación herdada da situación de paralización do PXOM co que ten que ver co capítulo de ingresos destes orzamentos. Nos seguimos pensando que eses orzamentos teñen que contar con mais participación, que teñen que contar cunha parte substancial do que é a política que son as prioridades e é posiblemente aquí onde a publicidade e a propaganda funcionan mais que a realidade. Dicar que Vigo é o Concello con máis gasto social e contravir o que di o propio Ministerio de Facenda, a menos que queiramos meter en gasto social as partidas que nos consideremos como gasto social, hai mil e pico solicitudes de axuda sociais que quedaron desestimadas, moitas é certo por nivel de renda, pois a posibilidade será aumentar a partida e facer outra escala de renda, porque moitas das familias, non me interesa o que pasa en A Coruña nin en Móstoles, interésame o que pasa nesta cidade, o que pido é que se modifiquen os criterios que se abra unha nova oferta, que se escale o nivel da renda porque estaremos facendo o mesmo que fai o Partido Popular cando di que sobran os cartos para as bolsas

dentro do Ministerio de Educación, porque o que fai é poñer uns criterios económicos que logo moitas familias con que simplemente teñan un pouco de Patrimonio e poño un caso, por exemplo, ter hoxe en día unha finca, unha explotación gandeira significa non ter unha beca, pois estaremos tendo o mesmo argumento, poñemos un nivel de renda que non cumpra ese nivel de renda porque ten algún tipo de ingreso, automaticamente desaparecen as axudas sociais, é o que estamos detectando que en Vigo hai moita pobreza de familias que si teñen ingresos que eses ingresos van exclusivamente para pagar a vivenda, luz e auga e que o resto do mes non teñen absolutamente nada. Polo tanto, pedimos que se realmente houbo esa serie de solicitudes e a situación económica do Concello o permite, se abra un segundo prazo, se abra un segundo encaixe e que se modifiquen os criterios de renda e que todos eses centos de solicitudes que quedaron sen ningún tipo de cobertura polo nivel de renda se volvan a retomar cambiando obviamente esa tabla e eses criterios de renda. Nos estamos dispostos a discutir e a elaborar e que sexa unha comisión plural, cidadá e que incluso fagamos un consello municipal que previa a elaboración de calquera orzamento poida discutir sobre prioridades, seguramente como fixemos nos levarán moitísimas sorpresas do que está demandando gran parte da cidade sobre as prioridades políticas que este Concello e que este goberno ten riba da mesa, o concepto de participación é moito máis importante, e polo tanto pedimos mais participación, pedimos que se cumpra o que aprobamos no anterior Pleno sobre o criterio de boas prácticas da FEMP que creo que aquí hai algún que non as ten aprendido, polo menos ler ese criterio de boas prácticas o que supón o respecto á oposición.

Imos seguir auditando. Por certo aquí hai unha solicitude moi importante, máis que de rúas, de chalecos antibalas para a Policía Local que vostedes desestiman, gasten os cartos en seguridade, axuden á Policía Local a facer a súa labor e non fagan demagogia barata coas cuestións da rúa, aquí pídese unha partida para que os policías locais poidan ter chalecos antibalas e non pasaría nada por aprobala e non pasaría absolutamente nada por tela no Orzamento. Gracias.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Moitas gracias Presidente, vou intentar aproveitar os dez minutos dos que dispomos os grupos da oposición sen posibilidade de réplica,

neste Pleno un dos máis importantes do ano para a cidade por todo o que significa. Este Pleno neste momento non se tería que estar realizando e non se tería que estar realizando porque estes orzamentos non se corresponden coa situación real que ten a cidade neste momento, o que pasa é que vostedes como están na dinámica de rexeitar todo o que se propón dende os grupos da oposición ou dende calquera ámbito da cidade que non sexan vostedes mesmos, pois non aceptan que estes orzamentos os teñen vostedes que modificar porque Sr. Aneiros, non é verdade o que vostede dixo que nun informe de outubro xa se fixera unha análise dos orzamentos, pero é que a situación da cidade a día de hoxe 9 de decembro, non é a mesma que había en outubro, porque pasou algo a semana pasada que alterou gravemente a situación da cidade, pasou algo extraordinariamente grave para esta cidade e parece que vostedes non se queran decatarse e non lle queran dar a dimensión que realmente ten, porque a anulación por parte do Tribunal Supremo do Plan Xeral do ano 2008, fai retroceder a esta cidade máis de 20 anos e ante esa situación tan grave é obriga do goberno municipal actuar, de momento o único que fixeron vostedes é ir correndo aos brazos da Xunta de Galicia en Santiago, tan criticada e á primeira que recorren cando están nunha situación que non sabían que é o que tiñan que facer, e despois tratan de quitarlle importancia e como estamos escoitando ao Sr. Alcalde, culpar a todo o mundo menos a aquel que impulsou e que tomou a decisión política de paralizar o Plan Xeral cando o presentou o Partido Popular, non lles interesaba politicamente que o Partido Popular nese momento gobernando aprobara o Plan Xeral, parárono politicamente e esa decisión política estalle custando e custaralle a esta cidade moito nos próximos anos e esa é a súa responsabilidade Sr. Alcalde, e esa responsabilidade hai que asumila, e vostedes aínda estamos esperando a que asuman esa responsabilidade e que lle dean unha explicación aos vigueses e viguesas porque hai concelleiros deste goberno municipal que participaron activamente nesa decisión tutelada dende logo polo Alcalde de Vigo, sinceramente esperábase outro comportamento dese goberno municipal, e tamén sinceramente Sr. Aneiros, eu esperaba que polo menos fixera vostede unha referencia do que afecta ao Imposto de Bens Inmóveis ao maior imposto municipal a 62 millóns de euros, esta sentenza porque si que vai afectar, eu esperaba que hoxe nos trouxera, xa que manteñen o Pleno, o informe da Dirección de Tributos no que se analizara as consecuencias, o informe da

Intervención Xeral, actualizado a día de hoxe, de decembro, seguramente agora terano pero non teñen o detalle nin dende logo a obriga de cumprir de pasárnola aos grupos da oposición, así que vostedes sigan así, sigan instalados na súa arrogancia e na súa prepotencia que é o único que saben facer, porque esa mesma arrogancia e prepotencia que lles fai manter este Pleno sen dar ningunha explicación é a que dende logo lles fai o non haber aceptado nin unha soa das emendas e teñen vostedes o desvergoña de botarlle na cara a Marea que non presentou emendas e para que se non aceptan vostedes ningunha, nos presentamos corenta emendas e aceptáronnos cero, nos dezasete escritos, na participación cidadá corenta emendas e aceptaron cero, para que queren que presentemos emendas se vostedes nin sequera se dignan a lelas nin a estudalas con tranquilidade e con interese porque señores vostedes non teñen a única fórmula do que pasa nesta cidade, os demais tamén o sabemos e deberían aprender a escoitar e por iso estes orzamentos non lles gustan aos vigueses, non lles gustan ás entidades sociais nin as persoas que están pasando necesidades porque baixan as cantidades que se lle asignan, se poñan como se poñan, tampouco lles gusta aos xoves porque reducen á mínima expresión a unha cantidade irrisoria os fondos asignados ao Plan de Emprego Xuvenil, non lle gusta ao sector cultural e llo din nas alegacións, por exemplo a Fundación Liste, non lles gusta ao sector turístico porque renuncian a eventos importantes para a cidade e imos perder o Marisquiño como segan vostedes así, non lle gusta ao sector comercial porque vostedes pensan que o sector comercial vive dous meses ao ano coas luces do Nadal e as luces do Nadal non dan de comer doce meses no ano, non lle gusta ás parroquias rurais porque se esquecen deles e agrandan a brecha, estalle pedindo beirarrúas onde non hai en Bembrive, en Beade, en Cabral, en Teis, non lle gusta aos 300 mil vigueses que lle soban os impostos para o ano 2016, en definitiva estas non son as contar por e para os vigueses, son as contas por e para o partido Socialista e a maior gloria do Alcalde da cidade, pero non son as contas dos vigueses e das viguesas, para iso querían vostedes a maioría absoluta, segan vostedes mirando cara outro lado cando falen os vigueses, segan vostedes desprezando as aportacións da oposición, segan vostedes ríndose do traballo dos colectivos veciñais e dos colectivos sociais, segan por certo vostedes ríndose dos vendedores ambulantes nos que como non son capaces de xestionar

absolutamente nada optan por pechar os mercadillos nesta cidade sen facer nin unha soa xestión, impedindo que moitas familias se gañen a vida e garantindo a seguridade que é o que pedimos todos, segan culpando a todos, á Xunta, ao goberno de España, seguramente o Sr. Font agora repartirá culpas incluso aos propios concelleiros da oposición, tamén nos teremos culpa de todo, segan tirando balóns fora e así serán os vigueses e os tribunais de xustiza os que lles farán caer do seu pedestal, xa o están a facer a día de hoxe, os vigueses serán os que consigan quitarlles os tapóns dos oídos, abrírlles os ollos e de espertarlles, baixaranlles do seu pedestal.

O que van presentar hoxe é un Orzamento que é unha chapuza, cuns ingresos que non adaptados á realidade, vergoña lle tería que dar a vostede quitar cousas que non teñen nada que ver, vergoña, vaia presidenta da Deputación, que vergoña para os vigueses e as viguesas, isto é unha chapuza, chapuza de Orzamento que nace xa cun déficit importante aos seus ingresos, igual que a chapuza que fixeron co Plan Xeral e que tanto nos vai custar, ademais son unhas contas nas que se burlan vostedes de vostedes mesmos, a presidenta da Deputación e primeira tenente de Alcalde que tanto ten que dicir, creo que vai votar en contra destes Orzamentos, porque están cheos de subvencións nominativas que por certo ela declarou ilegais, hai que pedirlle aos seus múltiples asesores, Sra. Silva, que traballen un pouco mais e que lean o artigo 22 da Lei xeral de subvencións e se ten vostede coherencia vote en contra deste Orzamento. Segan vostedes así, aproben estas contas mal feitas, fagan o que queiran e desoíndo á cidade, atrasen as solucións ao desaguisado urbanístico no que teñen á nosa cidade, segan pensando que están por riba das normas, segan nese pedestal dos seus dezasete concelleiros que agora tamén o lembrará que temos sete, segan vostedes nesa tesitura, nesa arrogancia, nesa prepotencia que xa lles digo que serán os vigueses e os tribunais de xustiza os que lle baixen dese pedestal, por certo os vigueses e tribunais de xustiza que xa están comezando a falar, e agora sabe que deberían facer, deberían de rectificar porque aínda están a tempo, Sr. Aneiros, vostede que acaba de comezar por favor un pouco de rigor á hora de facer un Orzamento, non se pode presentar un Orzamento así, non se pode presentar un orzamento que está mal dende o inicio, hai tempo para corrixilo antes do un de xaneiro sen prexudicar á cidade, pero por favor sexan un pouco humildes revisen esas cifras e adáptelas á

realidade, pero non o van facer porque vostedes e xa o estou oíndo, falan de todo menos do que lles importa aos vigueses e viguesas e menos as necesidades dos vigueses e viguesas que é o que menos lles importa, impórtalles a foto, o titular, impórtalles todo menos a situación da cidade e probablemente saben o que van facer agora cando aprobemos o Orzamento, iranse a brindar con champaña igual que brindaron con champaña pola aprobación do Plan Xeral que agora sumiu a esta cidade no caos, segan vostedes así, dende logo unha vergoña para a cidade. Moitas gracias.

PRESIDENCIA: O Partido Popular queixábase do tempo e sobroulle un minuto.

SR. LÓPEZ FONT: Bos días a todos e a todas, vou comezar contestando a Marea pero Sra. Muñoz tranquilícese, porque a verdade estivo estes nove minutos un pouco alterada.

A intervención de Marea certamente triste, para min é unha intervención que me parece moi triste politicamente porque un orzamento participativo é aquel no que se fala con tódalas asociacións e o que é evidente é que este goberno falou con tódalas asociacións como o leva facendo dende hai oito anos, e si Sr. Pérez claro que hai que falar de A Coruña, de Santiago e de Ferrol, porque alí non hai nin orzamento participativo nin hai orzamento e a diferenza entre que haxa un orzamento e que non o haxa politicamente é moi importante, este goberno reuniuse con tódolos colectivos con tódalas asociacións e creo que vostede non se decata moi ben do que supón a sentenza do Tribunal Supremo á que logo me referirei, mire máis gasto social que neste Concello non o hai en ningún, pódense acoller vostedes ás estatísticas que queiran, o que é evidente é que de 225 millóns, 55 millóns son en gasto social, e sabe cal é o paradoxo do gasto social e das estatísticas, o paradoxo é que vostedes falan das colas neste Concello e hai colas porque hai axudas, porque hai prestacións para os cidadáns, noutras cidades non hai nin colas nin prestacións, polo tanto aquí se que hai gasto social e é o maior de España e o Alcalde o dixo moitas veces e nos tamén, retamos a que se nos diga un concello no que haxa máis gasto social, e eu pediríalle que non faga demagogia con cousas moi serias, a Policía Local ten chalecos antibalas, vanse engadir outros dentro do que é o vestiario normal e polo tanto non faga demagogia



porque certamente a dotación que ten a Policía Local no noso Concello é suficiente, é previsora e claro vostede leva moi mal cando falamos de rúas, pero é evidente que vostedes se abstiveron aquí en asignarlle unha rúa a unha defensora de tódolos vigueses, a unha defensora que faleceu por defender a persoas que estaban dentro dunha sucursal bancaria que podía ser un familiar seu, un meu, un votante de Marea ou un votante do partido Socialista, iso é o que fixo a persoa á que nos trouxemos aquí para asignarlle unha rúa e vostedes, nun alarde de demagogia, abstivéronse, polo tanto non desvíe o debate sobre este tema.

Sra. Muñoz, para falar hai que ler e mentres non se lea vostede a sentenza do Tribunal Supremo sobre o Plan Xeral non podemos falar Sra. Muñoz, vostede non poder falar dunha sentenza na que di literalmente que a responsabilidade é da Xunta de Galicia, vostede todo o leva a temas de culpabilidade, a temas de asumir, pódese rir o que queira, pero sabe o que é evidente, que se vostede le a sentenza do Tribunal Supremo di que é responsabilidade da Xunta de Galicia e nesa Xunta de Galicia estaban vostedes, polo tanto é vostede a que debería asumir esta sentenza e mire o que é evidente é que oír falar ao Partido Popular de Plan Xeral e de corrupción é o colmo Sra. Muñoz, o plan que tiñan vostedes antes de que chegásemos nos ao goberno estaba baseado nunha corrupción xeneralizada, estaba baseado en non ter vivenda protexida e iso foi a diferenza Sra. Muñoz co Plan que nos aprobamos, o Plan anterior e o que vostedes propoñían era pura e llanamente especulación, esa se que é a parte importante, polo tanto vostede Sra. Muñoz, non pode converterse na intérprete dos vigueses, non pode dicir que este Plan non lle gusta ás asociacións, non pode dicir que este Plan non lle gusta a determinados colectivos porque vostede é a persoa dos récords negativos, vostede levou o seu partido á metade dos concelleiros, vostede levou o seu partido a non saber estar nos grandes temas de cidade e vostede presentou literalmente unhas emendas a este orzamento que eran inviables técnica e politicamente, o cal quere dicir Sra. Muñoz, que vostede para poder dirixir esta cidade é certamente inviable, pero mire ten moitísimas confusións porque vostede o que ocorre é que xa non sabe se se senta no Pleno do Concello ou no Pleno da Deputación, neste Orzamento as subvencións non son nominativas, son vía convenio e o que é evidente, si si e por concorrencia Sra. Muñoz, leuse ata moi mal o Orzamento, pero sabe o que ocorre que cando se refire á Deputación a situación que nos atopamos

na Deputación era dunha libre disposición cantidades inmensas de cartos que estaban no orzamento, o outro día no debate a Sra. Saenz de Santamaría non soubo contestar aos temas de corrupción porque simplemente o Partido Popular é un partido con moitos implicados e con moitos condenados en corrupción, estas son as boas prácticas Sra. Muñoz, aos que alentan vostedes para que non nos deixen falar, estas son as boas prácticas, polo tanto vostede non pode converterse no intérprete dunha cidadanía coa que é precisamente este goberno o que dialoga, este orzamento destina 78 euros de cada 100 ao que son as persoas e é un Orzamento que ten o maior gasto social de España, polo tanto cando di que esperaba outro comportamento este é o comportamento que querían os vigueses, esta é a continuidade dunha política de oito anos que se concretou nuns orzamentos progresivamente a un maior gasto social, polo tanto eu vina moi preocupada na súa intervención, vina xesticulando moito e certamente é para que estean tremendo na provincia de Pontevedra, Sra. Muñoz, xa vexo tamén o candidato ao Senado como treme e eu simplemente quero lembrarlles porque teño moita educación e non caio en historias como as súas, pero saben o bonito, sería facerlles unha foto co seu sorriso actual, o día vinte pola noite ese sorriso irónico que agora teñen vostedes váiselles conxelar e non lles podo facer unha foto pero lembrareino perfectamente e claro que están tremendo e sabe por que? Porque a vostede enviárona aquí para seguir a política do Sr. Núñez Feijóo, porque vostede tódalas súas intervencións foron en contra dos vigueses, tódalas súas intervencións foron con ese seguimento que lle levou a ser candidata, pero vostede sega porque converterase na persoa dos récords negativos, xa conseguiu o peor resultado do Partido Popular e o que é a súa opinión sobre os grandes temas da cidade volve facer sempre o mesmo, en contra dos vigueses, é posible que o Sr. Núñez Feijóo lle diga que o está facendo moi ben pero os vigueses din que o estar facendo moi mal.

SR. ANEIROS PEREIRA: En primeiro lugar, respecto ao Sr. Pérez Correa, non nos dea leccións de participación porque levamos reuníndonos cos colectivos cidadáns desta cidade mais de catro anos, reunímonos este mesmo luns sete, con colectivos sociais, non sabemos onde estaba o grupo da Marea de Vigo, con quen estivo vostede e con quen se reúne, non nos poña de exemplo cidades que non teñen presentado un orzamento, están aínda paralizadas estas cidades que gobernan

vostedes como Ferrol e A Coruña, o que revela a falla de emendas, a presentación dunha emenda á totalidade é a falla de ideas, non teñen ideas, non propoñen ideas en Igualdade, nin en deshaucios, nin en pobreza, nin humanizacións, nin en traballar pola cidade, non propoñen nada de nada, polo tanto son vostedes meros observadores neste Pleno, meros observadores neste Concello, son vostedes uns vagos, ademais representan o Vigo do non, votan non ao convenio con Citroën, votan non ao Ave e votan non a unha rúa a unha policía que deixou a súa vida por defender a esta cidade, fan demagogia, algunhas alegacións desbótanse porque xa teñen crédito consignado e adecuado, polo tanto non hai que atender esas alegacións porque xa teñen ese crédito, Sr. Pérez Correa.

Sra. Muñoz, recoméndolle moita tranquilidade, e voullo dicir con cariño e cunha certa proximidade porque vostede dime que os dous acabamos de comezar, si pero creo que teño sinceramente maior criterio e mellor criterio que vostede, porque parece mentira que as finanzas da Xunta de Galicia estivesen nas súas mans, primeiro como Interventora e despois como concelleira, porque vou a exercer o meu papel de profesor de dereito e voulle dar unha clase, temos que distinguir dúas normas Sra. Muñoz que parece que vostede non o sabe, temos que ter por unha parte as normas urbanísticas e por outra as normas catastrais, estas son as que rexen o IBI, o Imposto sobre Bens Inmóveis, e sabe vostede como se determina o Imposto sobre Bens Inmóveis, sobre que base?, pois vaise vostede a unha lei que é o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e aí establécese sobre que valores que se establecen os valores catastrais, o artigo 25 desa Lei di, que os valores catastrais teñen en conta a localización do inmovible, os gastos de construción, os gastos de produción do inmovible, e sobre iso determínase o valor catastral do inmovible, polo tanto a incidencia que vai ter a sentenza de anulación do Plan Xeral de Ordenación Urbana, da que vostede por certo tanto se alegra, parece mentira que vostede queira defender os intereses desta cidade alegrándose e adicando boa parte da súa intervención a un asunto que non ten que ver co que nos trae hoxe aquí, por certo debe seguir as indicacións de alguén de Santiago que quere que falemos dese tema e que non falemos dos orzamentos desta cidade, como digo, a incidencia desta sentenza nos ingresos, no IBI, vai ser escasa, nula, por dicilo de xeito máis claro, de tódolos xeitos como somos un goberno prudente faremos un seguimento adecuado nos informes trimestrais e nos estudos

trimestrais para que vostede e a cidadanía, sobre todo a cidadanía non tanto vostede porque vostede ao final aquí é temporal porque tal e como vai baixará de sete a tres ou a cero concelleiros, pero sobre todo pola cidadanía polas contas desta cidade, para que teñan a tranquilidade de que estanse a cumprir os criterios e os ingresos previstos no orzamento de ingresos. Para rematar, aválanos esa incidencia nula da sentenza, que hai un principio xurídico que é a executividade e a eficacia inmediata dos actos administrativos, a Lei 30/92, artigo 57, léao, a incomunicación da nulidade aos actos sucesivos, artigo 64 da Lei 30/92, hai un principio de conservación de actos válidos, artigo 66 da Lei 30/92, polo tanto non afecta e sobre todo a xurisprudencia do Tribunal Supremo consolida os actos válidos, polo tanto incidencia cero, orzamento axustado, adecuado e con crédito suficiente para atender as necesidades da cidadanía, 75 de cada 100 euros adicados directamente á cidadanía, Sra. Muñoz. Moitas gracias.

PRESIDENCIA: Moitas gracias Sr. Concelleiro, rexeitadas entón as alegacións por incumprimento de normativa legal, sometemos a votación.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e dez en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

- a)** Desestimar as catro alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, rexistradas cos números 150153000, 150153002, 150153007 e 150153008, de data 27/11/2015, por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), afectando a contratos en Vigo, sendo o informe emitido polo servizo de Contabilidade

de rexeitamento.

- b)** Desestimar as catro alegacións presentadas por Don Guillermo Crego Rodríguez, DNI, nº 36137677P, cos números de rexistro: 150152713, 150152714, 150152715 e 150152717, de data 27/11/2015, xa que as mesmas, de acordo ao informe do servizo de Contabilidade, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- c)** Desestimar a Alegación presentada por Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel de política institucional da Executiva Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego (BNG), co número de Rexistro de entrada 150153325 de data 28/11/2015, xa que mesma, de acordo ao informe do servizo de Contabilidade, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ademais das circunstancias que se fan constar no devandito informe en relación cos contratos que se ven afectados a consecuencia económica que da mesma se derivaría.
- d)** Desestimar a alegación presentada po Dona Josefina Fernández Mosquera, en calidade de Presidenta da Fundación Liste museo etnográfico de Vigo, co nº 150153315 de data 28/11/2015, xa que mesma, de acordo ao informe do servizo de Contabilidade, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sendo factible atender calquera eventualidade cunha modificación orzamentaria.
- e)** Desestimar as dúas alegacións presentadas por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI 36112742M, co nº de rexistro 150153312 e 150153313, de data 27/11/2015, xa que as mesmas, de acordo ao informe do servizo de Contabilidade, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- f)** Desestimar a segunda parta da alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Personal, nº de rexistro 150151570 de data 25/11/2015, xa que a contía prevista no orzamento financiada co convenio con UNESPA, polas contribucións especiais, está reflectida na aplicación 1360.6320000 correspondente ao programa de gasto de bombeiros, polo tanto, a aplicación que recolle a contía correspondente ao convenio asinado con UNESPA, é a correcta e está no programa orzamentario axeitado.
- g)** Desestimar a alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Persoal, D. Pergentino Martínez Pampillón, co nº 150151070 de rexistro de data 24/11/2015 ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, polas causas previstas no informe do Xefe dos Servizos Centrais do Organismo, xa que a mesma, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- h) Desestimar a alegación presentada polos inspectores de Urbanismo, co nº de rexistro 150152973, de data 27/11/2015, polas causas previstas no informe do Xefe dos Servizos Centrais, xa que a mesma, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- i) Desestimar as alegacións presentadas polo Sindicato Independiente do Concello de Vigo (SICO), documento nº 150151232, Comité de Persoal, documento nº 150151570, Comité de Persoal, documento nº 150153102, xa que a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo tanto, as mesmas non se atopan encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. A xustificación do rexeitamento está no informe emitido pola Sra. Xefa do Servizo de Recursos Humanos conformado polo Sr. Concelleiro Delegada Área de Xestión Municipal, que se achega no expediente.
- j) Corrección erros. Nos estados consolidados do orzamento, hai un erro na definición dos programas 1720 e 1721, están as súas definicións invertidas, no 1720 debe definirse como mantemento de praias e o 1721 como protección e mellora do medio ambiente.
- k) Na aplicación 2311.4890002 convenio mulleres Dorna, debe dicir, outras subvencións a asociacións contra a violencia de xénero.
- l) Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2016, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2016, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 9 de novembro de 2015, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das emendas.

O proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

## **Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado**

## economicamente<sup>1</sup>

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.055.638,19	67.950.460,54	I	103.831.645,34	103.831.645,34
II	115.303.289,79	116.743.530,16	II	7.709.710,00	7.709.710,00
III	185.321,53	185.321,53	III	36.706.577,19	38.072.066,96
IV	32.754.795,05	27.268.079,13	IV	74.610.994,31	73.454.173,76
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.390,36	2.192.390,36
<b>TOTAL G.Co.Op.NF</b>	<b>212.899.044,56</b>	<b>212.747.391,36</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.NF</b>	<b>225.027.317,20</b>	<b>225.259.986,42</b>
VI	9.064.353,35	9.448.675,77	VI		
VII	335.000,00	335.000,00	VII	,00	,00
<b>TOTAL G.Cp.Op.NF</b>	<b>9.399.353,35</b>	<b>9.783.675,77</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>222.298.397,91</b>	<b>222.531.067,13</b>	<b>TOAL I.Op.NF</b>	<b>225.027.317,20</b>	<b>225.259.986,42</b>
VIII	646.000,00	671.000,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	2.728.919,29	2.728.919,29	IX	,00	,00
<b>TOTAL G.Op.Cp.F</b>	<b>3.374.919,29</b>	<b>3.399.919,29</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>646.000,00</b>	<b>671.000,00</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>12.774.272,64</b>	<b>13.183.595,06</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>646.000,00</b>	<b>671.000,00</b>
<b>T.X. GASTOS</b>	<b>225.673.317,20</b>	<b>225.930.986,42</b>	<b>T.X. INGRESO</b>	<b>225.673.317,20</b>	<b>225.930.986,42</b>

## Orzamentos por Áreas de Gasto dos estados consolidados

Área	Descrición	Anos		variación %
		2016	2015	
0	Débeda Pública	2.907.210,82	7.270.028,49	-66,20%
1	Servizos Públicos básicos	111.947.227,85	109.317.789,79	2,41%
2	Actuación de protección e promoción social	18.952.703,38	19.135.266,68	0,95%
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	38.461.259,75	36.147.418,92	6,40%
4	Actuacións de carácter económico	19.412.709,69	14.981.028,74	29,58%
9	Actuacións de carácter Xeral	34.249.874,93	33.856.275,88	1,16%
Total		225.930.986,42	220.707.808,50	2,37%

## Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

- 1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2016	Importe 2015	Variación %	Importe 2016	Importe 2015	Variación %
1	3.894.822,35	3.700.082,98	5,26%			
2	1.440.240,37	1.201.363,98	19,88%			
3				1.365.489,77	1.216.624,14	12,24%
4	1.375.512,47	1.677.065,99	-17,98%	5.705.407,84	5.383.269,44	5,98%
5				24.000,00	16.870,79	42,26%
6	384.322,42	378.251,42	1,61%			
7					340.000,00	-100,00%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	7.119.897,61	6.981.764,37	1,98%	7.119.897,61	6.981.764,37	1,98%

- m)** Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e supletoriamente á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- n)** Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- o)** Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local. Aprobar o cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- p)** En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.
- q)** Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- r)** O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e surtirá os seus efectos dende o un de xaneiro.
- s)** De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.
- t)** Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes



orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.